



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

exp. 2019/G003/000152

### **DECRETO**

**ASUNTO:** APROBACIÓN DO SELO ELECTRÓNICO DE ORGANO E REGULACION DE ACTUACIONES ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS NO CONCELLO DE ZAS

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000152

#### **ANTECEDENTES:**

Don Manuel Muíño Espasandín, Alcalde-Presidente do Concello de Zas, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, e visto que:

O artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que: «Se entende por actuación administrativa automatizada calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por parte dunha administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interveña de maneira directa un empregado público.»

O apartado 2 do artigo 41 prevé que «en caso de actuación administrativa automatizada tense que establecer previamente o órgano, ou órganos competentes segundo os casos, para definir as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade, e se procede auditoría do sistema de información e do código fonte. Así mesmo, tense que indicar o órgano responsable para os efectos de impugnación».

Así mesmo, o artigo 42 prevé, que «No exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada administración pública pode determinar os supostos de utilización dos sistemas seguintes de firma electrónica:

a) Selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado á Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, nos termos e condicións establecidos; permítese en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.»

O selo de órgano prevese no artigo 42 da Lei 40/2015, baixo a rúbrica «Sistemas de firma para a actuación administrativa automatizada».

A Lei 40/2015 regula a posibilidade de utilizar o selo de órgano por parte das administracións públicas na actuación administrativa automatizada. Con todo, esta aplicación non se pode utilizar de maneira indiscriminada, senón que se ten que usar de acordo cos principios que a mesma Lei



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

exp. 2019/G003/000152

establece, e para calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por parte dunha administración pública no marco dun procedemento administrativo e en que non interveña de maneira directa un empregado público.

Isto é, corresponde a cada administración determinar os supostos e trámites en que o selo de órgano pode ser aplicado, aínda que esta determinación non se pode realizar de maneira indiscriminada, senón baixo unha adecuada valoración dos supostos que se poden realizar baixo unha actuación administrativa automatizada, de acordo co principio de proporcionalidade e sen que se produza unha mingua de garantías da persoa administrada.

Considerando o disposto no artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 a) e s) da citada Lei,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes actuacións administrativas automatizadas do Concello de Zas:

-**De carácter xeral:** todas as actuacións e procedementos que se vaian incorporando, con carácter automatizado, à

-Plataforma de Tramitación Electrónica do Concello de Zas ou á súa sede electrónica (<https://sede.concellodezas.org>)

- **De carácter específico:**

-Expedición de certificados e de volantes de empadramento.

-Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico da Administración.

**SEGUNDO.-** Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas, en exercicio da función de fe pública administrativa, son os seguintes:

-Para a definición das especificacións ou detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría da Corporación.

-Para o deseño informático, programación e mantemento e auditoría do sistema de información e do código fonte: A Xerencia de Informática da Deputación de A Coruña

-Para a supervisión e control de calidade: Secretaría da Corporación.

**TERCEIRO.-** Crease o selo electrónico de Órgano do Concello de Zas coa seguinte denominación: **SELO DE ÓRGANO DO CONCELLO DE ZAS.**



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

exp. 2019/G003/000152

A responsabilidade da utilización a efectos de impugnación corresponde ao Concello de Zas.

As características do certificado e a verificación de documentos asinados con selo de órgano poderase realizar na sede electrónica do Concello de Zas (<https://sede.concellodezas.org>)

O selo electrónico de Órgano do Concello de Zas poderase utilizar nos procesos de tramitación automatizada sinalados anteriormente.

O órgano responsable a efectos de impugnación é a Alcaldía do Concello de Zas.

**CUARTO.-** A tramitación automática dos procedementos realizarase do seguinte xeito:

1. Os interesados poderán iniciar a tramitación automática dos procedementos indicados no rexistro do Concello ou lugares habilitados no artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Os interesados poderanse identificar e autenticar mediante documento nacional de identidade ou documento equivalente.
3. A tramitación electrónica automatizada contempla a captura automática da información contida nas bases de datos corporativas do Concello.
4. As aplicacións informáticas coas que se realizará a tramitación electrónica automatizada a que se refire esta resolución son, ademais de todas aquelas cuxa norma de creación así o preveña, as seguintes: XESTIÓN DE PROCEDEMENTOS (TEDEC/SIGM).
5. Ostentarán permisos de Selado Electrónico unicamente os empregados públicos que sexan acreditados pola secretaría da Corporación
6. O Concello emitirá resolución automatizada que recollerá expresamente, ademais do contido establecido con carácter xeral na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o seguinte:
  - a) A súa condición de acto administrativo automatizado.
  - b) O selo electrónico da entidade.
  - c) O órgano que ha de considerarse responsable a efectos de impugnación, de acordo co indicado no resolve terceiro.
7. O código electrónico de verificación permitirá verificar a autenticidade dos documentos xerados electrónica e automaticamente nos procedementos automatizados.
8. Os expedientes administrativos e documentos xerados polas citadas aplicacións almacénanse nos sistemas de información municipais. Ditas aplicacións informáticas garantirán o control dos prazos, a identificación dos órganos responsables dos procedementos, así como a tramitación ordenada dos expedientes administrativos.
9. As indicadas resolucións serán recorribles ante o órgano xurisdiccional contencioso administrativo, previa reclamación potestativa ante a alcaldía, na forma establecida na Lei de procedemento administrativo.
10. Os expedientes de tramitación automática arquivaranse no xestor documental TEDEC SIGEM, asinado mediante selo electrónico do Concello.



## **CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)**

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

exp. 2019/G003/000152

11. As copias dos documentos electrónicos terán a consideración que se establece no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**QUINTO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

**SEXTO.-** Esta resolución producirá efectos desde a súa publicación no Boletín oficial da Provincia de A Coruña. Igualmente publicarase na sede electrónica do Concello de Zas a efectos de xeral coñecemento de acordo co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015.

En Zas,

Dou fe,

**O ALCALDE**

Manuel Muíño Espasandín

**A SECRETARIA**

María Garrote López

FIRMADO POR Manuel Muíño Espasandín (FECHA: 24/04/2019 12:42:00)

Decreto Nº: 168/2019 - Fecha de decreto: 23/04/2019

Manuel Muíño Espasandín (FECHA: 23/04/2019 11:03:00) , María Garrote López

Manuel Muíño Espasandín (FECHA: 23/04/2019 11:03:00) , María Garrote López

Decreto Nº: 168/2019 - Fecha de decreto: 23/04/2019  
Versión imprimible

CVD: FSGWZZStsfAmkwb005X5  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.